

CERTIFICACIÓN

Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames (A Coruña)

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día xoves 14 de febreiro de 2019, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO QUINTO.- APROBACIÓN INICIAL DO ESTUDO DE DETALLE DAS PARCELAS 14, 15, 16 E 17 DO PLAN PARCIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DO MILLADOIRO. API-04 DO PXOM.

Expediente: 2018/213/000003

En relación ao expediente correspondente ao Estudo de Detalle das parcelas 14, 15, 16 e 17 do Plan Parcial do Polígono Industrial do Milladoiro, API-04 do PXOM de Ames, instado por Santiago Sur Galicia, S.L., figuran informes favorables dos servizos técnicos e xurídicos do Concello.

A arquitecta municipal Marta Bellas Rodríguez emite informe en data 11 de febreiro de 2019, que é do teor literal seguinte:

“URBANISMO Estudio de detalle nas parcelas 14-15-16 e 17 do Polígono Industrial do Milladoiro

Expediente: n°2018/213/000003

Solicitud: Tramitación do “Estudio de detalle parcelas 14-15-16 e 17 Polígono Industrial do Milladoiro”

Solicitante: Emilio Penas Piñeiro

RE. N° 201899900000685 do 19-4-2018

Domicilio: Rúa do Buxo,2 – 15895 Milladoiro, A Coruña 15.895

NIF: 33018775K

Promotor/es: Santiago Sur Galicia, SL

Domicilio: Rúa do Buxo,2 – 15895 Milladoiro, A Coruña 15.895

NIF: B-70257472

Antecedentes:

Expediente 2016/U018/000014

Informe RS. 7.278 de 16-9-2016 relativo á solicitude de parcelación das parcelas 14-15-16 e 17 do proxecto de compensación do Polígono Industrial do Milladoiro (contido no estudio de detalle).

Polígono Industrial do Milladoiro (plan parcial, proxecto de compensación e proxecto de urbanización).

- Coa solicitude do 19-4-2018 aportan Estudio de detalle nas parcelas 14-15-16 e 17 do Polígono Industrial do Milladoiro de abril de 2.018, cuxos técnicos redactores son os arquitectos Álvaro Fernández Carballada e Beatriz Aneiros Figueira.

- Analizado o expediente, en resposta se remite ao solicitante informe de subsanación de deficiencias de data 7 de agosto de 2.018 que conclúe:

Acreditación da propiedade e representación

Non consta acreditada titularidade das fincas, aportando inscripcions rexistras e/ou o título de propiedade para constatar a lexitimidade do solicitante para formular e instar a tramitación da presente actuación.

Artículo 194 da RLS Formulación y aprobación de los estudios de detalle

1. Los estudios de detalle podrán ser formulados por los ayuntamientos, por la Administración autonómica, por otros órganos competentes en el ámbito urbanístico y por los particulares legitimados para hacerlo (artículo 80.1 de la LSG).

Delimitación do ámbito afectado polo estudio de detalle

Analizada a documentación aportada pode destacarse que a delimitación do ámbito afectado polo presente estudio de detalle das parcelas 14-15-16 e 17 con orixe no proxecto de compensación do Polígono Industrial do Milladoiro en relación coa configuración da parcela catastral [4044320NH3444N](#) no extremo suroeste non ten correspondencia.

Asemade, a comparativa da cartografía do proceso de concentración parcelaria de Biduído-Bugallido recentemente rematado, en concreto das parcelas de resultado de números 379, 380, 381 e 382 do polígono 2, e o camiño público de acceso nos planos e títulos de concentración ao seu vento leste, co linde co núcleo urbano reflectido no catastro e co grafiado no planeamento vixente (API-4 "Polígono industrial" e APE M2-01 "Travesía do Porto-E") evidencian unha relevante discordancia nesta zona na estrutura da propiedade con incidencia na xestión do expediente.

Polo exposto, para continuar coa tramitación do expediente requírese:

-Acreditar a titularidade da propiedade para constatar a lexitimidade para formular e instar a tramitación da presente actuación.



-Incorporar ao expediente a cartografía que clarexe a estrutura da propiedade no referido linde depurando o conxunto de información rexistral (incluída concentración parcelaria), a catastral e a verdadeira medición respecto do planeamento vixente.

- Ao requeremento incorpora o solicitante Emilio Penas Piñeiro á tramitación con REn°201899900001635 o 22-10-2018 exemplar modificado do Estudio de detalle nas parcelas 14-15-16 e 17 do Polígono Industrial do Milladoiro de outubro de 2.018, redactado polos arquitectos Álvaro Fernández Carballada e Beatriz Aneiros Figueira.

INFORME

Emplazamiento e clasificación do solo

Se trata de Solo urbano do núcleo do Milladoiro contido na API-4.

Polígono Industrial de Milladoiro																									
	 <table border="1"> <tr><td>ZONA PROTECCIÓN CRUCE</td><td>1.817 m²</td></tr> <tr><td>ZONA INDUSTRIAL INDU</td><td>45.537 m²</td></tr> <tr><td>ZONA INDUSTRIAL LIGERA</td><td>62.427 m²</td></tr> <tr><td>ZONA INDUSTRIAL GENERAL</td><td>12.130 m²</td></tr> <tr><td>ZONA COMERCIAL</td><td>12.153 m²</td></tr> <tr><td>ZONA EQUIPAMENTO SOCIAL</td><td>3.276 m²</td></tr> <tr><td>ZONA EQUIPAMENTO DEPORTIVO</td><td>1.270 m²</td></tr> <tr><td>ZONA ESPACIOS LIBRES VERDES</td><td>33.596 m²</td></tr> <tr><td>ZONA SERVICIO INSTALACIONES</td><td>1.991 m²</td></tr> <tr><td>ZONA EQUIPAMENTO COMERCIAL</td><td>3.028 m²</td></tr> <tr><td>ZONA BARRIOS Y APARCAMENTOS</td><td>58.724 m²</td></tr> <tr><td>TOTAL SUPERFICIE ORDENADA</td><td>323.382 m²</td></tr> </table>	ZONA PROTECCIÓN CRUCE	1.817 m ²	ZONA INDUSTRIAL INDU	45.537 m ²	ZONA INDUSTRIAL LIGERA	62.427 m ²	ZONA INDUSTRIAL GENERAL	12.130 m ²	ZONA COMERCIAL	12.153 m ²	ZONA EQUIPAMENTO SOCIAL	3.276 m ²	ZONA EQUIPAMENTO DEPORTIVO	1.270 m ²	ZONA ESPACIOS LIBRES VERDES	33.596 m ²	ZONA SERVICIO INSTALACIONES	1.991 m ²	ZONA EQUIPAMENTO COMERCIAL	3.028 m ²	ZONA BARRIOS Y APARCAMENTOS	58.724 m ²	TOTAL SUPERFICIE ORDENADA	323.382 m ²
ZONA PROTECCIÓN CRUCE	1.817 m ²																								
ZONA INDUSTRIAL INDU	45.537 m ²																								
ZONA INDUSTRIAL LIGERA	62.427 m ²																								
ZONA INDUSTRIAL GENERAL	12.130 m ²																								
ZONA COMERCIAL	12.153 m ²																								
ZONA EQUIPAMENTO SOCIAL	3.276 m ²																								
ZONA EQUIPAMENTO DEPORTIVO	1.270 m ²																								
ZONA ESPACIOS LIBRES VERDES	33.596 m ²																								
ZONA SERVICIO INSTALACIONES	1.991 m ²																								
ZONA EQUIPAMENTO COMERCIAL	3.028 m ²																								
ZONA BARRIOS Y APARCAMENTOS	58.724 m ²																								
TOTAL SUPERFICIE ORDENADA	323.382 m ²																								
<p>Referencia catastral n.º 4044320NH3444N que reflecte correspondencia inexacta ao linde oeste</p>	<p>Cualificación do solo Plano de parcelas 14, 15, 16 e 17 resultantes do proxecto de compensación do polígono industrial de Milladoiro e zonificación do plan parcial. "zona industrial ligera"</p>																								

Normativa básica urbanística aplicable:

-Lei 2/2016, de 2 de febreiro do solo de Galicia e D. 143/2.006, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento. (RLS)

-RD Legislativo 2/2008, de 20 de junio, por el que se aprueba el texto refundido de la ley del suelo.

-Plan Xeral de Ordenación de Ames.

-Plan Parcial do Polígono Industrial do Milladoiro

-Plan Básico Autonómico.

-Accesibilidade; autonómicas Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade e estatais; RDL 1/2013, de 29 de novembro que aprueba el TR de la Ley General de derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social y Orden VIV/561/2010, de 1 de febreiro, que desarrolla el documento técnico de condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación para el acceso y utilización de los espacios públicos urbanizados.

-Código técnico da edificación.

Descrición da actuación:

A finalidade da tramitación do Estudio de detalle nas parcelas 14-15-16 e 17 do Polígono Industrial do Milladoiro, data outubro de 2.018 supón determinar un volume edificable que redefina a configuración das naves de resultado en cumprimento do establecido no plan parcial.

Segundo indican os redactores as catro parcelas aportadas foron obxecto de agrupación e constitúen hoxe unha sola escritura registral.

Acreditación da propiedade

Aportan nota simple rexistral coma Anexo III do Estudio de Detalle de outubro de 2.018 que acredita a titularidade de Santiago Sur Galicia, SL. da finca resultante de agregar as parcelas de resultado do proxecto de compensación 14-15-16 e 17 do Polígono Industrial do Milladoiro.

O perímetro recollido coma ámbito de actuación ten correspondencia coa agregación das referidas fincas.

Obxectivos do estudio de detalle:

O actual estudio de detalle, nas parcelas 14-15-16 e 17 do Polígono Industrial do Milladoiro, data outubro de 2.018 supón determinar un volume edificable que redefina a configuración das naves de resultado en cumprimento do establecido no plan parcial polo que acada correspondencia cos obxectivos sinalados no regulamento.

Artículo 192. Estudios de detalle

1. En desarrollo de los planes generales, planes parciales y planes especiales, podrán redactarse estudios de detalle con los siguientes objetivos:

...

b) Ordenar los volúmenes edificables (artículo 79.1.b) de la LSG).

Los estudios de detalle que tengan como finalidad la ordenación de volúmenes podrán comprender los siguientes contenidos:

b.1) La asignación concreta a las parcelas de los volúmenes edificables, cuando tal previsión no se contenga en el plan.

b.2) La reordenación de los volúmenes de acuerdo con las especificaciones del planeamiento.

c) Concretar las condiciones estéticas y de composición de las edificaciones complementarias del planeamiento (artículo 79.1.c) de la LSG).

Los estudios de detalle que tengan por finalidad la concreción de las condiciones estéticas y de composición de las edificaciones podrán referirse, de conformidad con el planeamiento que resulte de aplicación, a los siguientes contenidos:

c.1) Condiciones de integración de las edificaciones en su entorno.

Documentación contida no Estudo de detalle:

O estudo de detalle nas parcelas 14-15-16 e 17 do Polígono Industrial do Milladoiro, data outubro de 2.018 é completo dende o punto de vista documental.

Recolle memoria cos datos xerais da actuación , marco normativo, ordenación urbanística actual e proposta e planos nitidos á escala correcta, incorpora comparativa edificabilidades e cumprimento do establecido na normativa urbanística vixente. Atópase a información en formato pdf, feito que resulta indispensable para que conste asinado por técnico competente, non obstante para a tramitación compre que completen e aporten ao expediente todos os planos do documento xeorreferenciados en formato dixital dwg, dxf ou compatible.

Artículo 193. Documentación de los estudios de detalle

1. Los estudios de detalle contendrán los documentos justificativos de los extremos sobre los que versen y, como mínimo, los siguientes:

a) Memoria justificativa de la conveniencia de su redacción, y explicativa de las soluciones adoptadas y de su adecuación a las previsiones del plan que complementen, así como del cumplimiento de las exigencias legales y reglamentarias que les sean de aplicación.

Quando se modifique la disposición de volúmenes se efectuará un estudio comparativo de la superficie edificable resultante por aplicación de las determinaciones previstas en el plan y de las que se obtienen en el estudio de detalle, justificando el cumplimiento de lo dispuesto en el punto 2 del artículo anterior de este reglamento.

b) Planos de información de la ordenación pormenorizada del ámbito afectado según el planeamiento vigente.

c) Planos de ordenación a escala adecuada y, como mínimo a 1:500, que expresen las determinaciones que se completan, modifican o reajustan, con referencias precisas a la nueva ordenación y su relación con la anterior, y análisis gráfico de los volúmenes ordenados, en su caso, comprensivo de su ámbito y de su entorno.

d) Cualquier otro documento que pueda contribuir a la justificación de la propuesta.

2. La documentación del estudio de detalle se formalizará, como mínimo, en una copia de todo su contenido en soporte digital que será entregada a la Administración correspondiente.

Asemade, ao respecto compre lembrar que o regulamento de planeamento establece:

Artigo 82. Cartografía

A documentación gráfica dos instrumentos de planeamento urbanístico deberá ser elaborada en formato dixital, utilizando como soporte a cartografía oficial rexistrada dispoñible no Instituto de Estudos do Territorio. Cando esta non estea suficientemente actualizada ou detallada para o ámbito afectado, quen elabore un instrumento de planeamento urbanístico deberá producir previa ou simultaneamente a cartografía necesaria de acordo coas normas cartográficas vixentes, e poñerá a disposición do Instituto de Estudos do Territorio para os efectos da súa incorporación á base de datos correspondente.

Para tal efecto, a cartografía será entregada ao órgano competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo no momento da solicitude dos informes sectoriais autonómicos.

Calidade da ordenación e relación co entorno:

A modificación proposta é coherente coa ordenación do entorno dado que xera homoxeneidade co tratamento do volumes en relación aos xa tramitados no sector.

Outros:

Con carácter previo ou simultáneo ás obras de edificación compre a redacción dun proxecto de obras ordinarias de urbanización que defina a execución.

En canto á tramitación:

Atendendo ao previsto na normativa a tramitación debe entenderse cos titulares catastrais e

habida conta de que a estrutura da propiedade polo catastro non se corresponde de xeito unívoco coa aportada o informe técnico require "Incorporar ao expediente a cartografía que clarexe a estrutura da propiedade no referido linde depurando o conxunto de información rexistral (incluída concentración parcelaria), a catastral e a verdadeira medición respecto do planeamento vixente."

Aos efectos aporta o estudo de detalle nas parcelas 14-15-16 e 17 do Polígono Industrial do Milladoiro, data outubro de 2.018 na cartografía, a superficie concreta obxecto de superposición que queda libre e non computa a ningún efecto (nin para consideración dos recuamentos, nin ocupación ou edificabilidade) pola que compre entender coma interesados neste procedemento e notificar dos trámites aos titulares das fincas e aos titulares de bens e dereitos relativos as fincas catastrais de número, [15002A51500379](#), [15002A51500380](#), [15002A51500381](#) e [15002A51500382](#).

Artículo 194. Formulación y aprobación de los estudios de detalle

...2. Los estudios de detalle serán aprobados inicialmente por el órgano municipal competente y sometidos a información pública por plazo mínimo de un mes mediante anuncio que se publicará en el Diario Oficial de Galicia y en uno de los periódicos de mayor difusión en la provincia. Asimismo, se notificará individualmente a **todas las personas titulares catastrales de los terrenos afectados**. En su caso, se solicitarán los informes sectoriales preceptivos (art. 80.2 de la LSG).

A la vista del resultado de la información pública, el órgano municipal los aprobará definitivamente, con las modificaciones que resultasen pertinentes (artículo 80.2 de la LSG).

Los plazos para su aprobación definitiva serán los establecidos en el artículo 76 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, y artículo 187 de este reglamento (artículo 80.2 de la LSG).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local:

Aprobar inicialmente o documento Estudio de detalle nas parcelas 14-15-16 e 17 do Polígono Industrial do Milladoiro de outubro de 2.018, redactado polos arquitectos Álvaro Fernández Carballada e Beatriz Aneiros Figueira.

Someter a información pública o documento coas publicacións e notificacións sinaladas, así coma a documentación gráfica completa. Á vista do PXOM vixente e do PBA requirindo os informes sectoriais seguintes:

- Delegación do Goberno.
- Confederación Hidrográfica.
- Ministerio de Industria

En Ames, a arquitecta

Marta Bellas Rodríguez"

A asesora xurídica de Urbanismo, Susana Ares Gómez, emite informe en data 11 de febreiro de 2019, que é do teor literal seguinte:

"ASUNTO: Estudo de Detalle, parcelas 14-17 Plan parcial polígono industrial Milladoiro

API-04 do PXOM

INICIATIVA: Privada

TRÁMITE: Aprobación inicial

Expte.: 2018/213/000003

INFORME

1.- Normativa aplicable

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, LSG.
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Plan Xeral de Ordenación Municipal, do 28 de xuño do 2002, PXOM.
- Plan parcial do Polígono industrial do Milladoiro, do 30 de xullo de 1996, PP.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións

Públicas.

- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información e bo goberno.

2.- Antecedentes

- O 11 de agosto do 2016 Casas de Compostela, S.L. presenta solicitude de licenza de parcelación das parcelas 14, 15, 16 e 17 do Plan Parcial do Polígono industrial do Milladoiro. En contestación ao cal o 31 de agosto do 2016 requiríuse a presentación e tramitación dun Estudo de Detalle con carácter previo á parcelación, por esixencia contida no Plan parcial do polígono.
- Na data do 19 de abril do 2018 (R.E. Nº 201899900000685) Emilio Penas Piñeiro, na representación de Santiago Sur Galicia, S.L., como actual propietaria, presenta documento de estudo de detalle das parcelas 14, 15, 16 e 17 do Plan Parcial do Polígono industrial do Milladoiro datado en abril do 2018 para a súa tramitación, en resposta ao cal, o 7 de agosto do 2018 requiríuse a achega de documentación en trámite de subsanación e mellora da solicitude, o que ao final ten por consecuencia a presentación dun novo documento de Estudo de Detalle datado en outubro do 2018.
- O 11 de febreiro do 2019 a arquitecta municipal emite informe en senso favorable e propón a aprobación inicial do derradeiro documento de Estudo de Detalle presentado.

3.- Consideracións legais

- O presente estudo de detalle de desenvolvemento do Plan Parcial do Polígono industrial do Milladoiro ten por obxecto posibilitar a posterior concesión de licenza de parcelación da parcela provinte da agrupación das parcelas 14, 15, 16 e 17 do Plan Parcial e do proxecto de reparcelación, por esixencia contida no artigo 31 dese Plan. E, así mesmo, ordenar os volumes edificables e concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións (art. 79.1 b) e c) LSG), todo iso sen incremento do aproveitamento lucrativo e co mantemento do uso industrial establecido no Plan parcial co troco de lixeira a nido, co mantemento da edificabilidade desta última (art. 192.2 b) e h) RLSG)

O ámbito do estudo é unha parte do área de planeamento integrado API-04 "Polígono industrial Milladoiro" do PXOM, áreas que estableceu o PXOM dentro do solo urbano consolidado, das que este asume o Plan parcial como planeamento antecedente do ámbito. As condicións particulares de ordenación polas que ríxense as API son as correspondentes ao planeamento anterior e, dun xeito complementario e subsidiario, as API quedan sometidas ao cumprimento das condicións xerais definidas no PXOM.

- Os estudos de detalle poden ser formulados polos particulares lexitimados para facelo. A superficie do ámbito é de 7.734,63 m² segundo consígnase na memoria (corroborado coa información rexistral que se achega) e segundo levantamento topográfico. A superficie catastral é de 8.019 m². A diferenza de superficie entre título e catastro terá incidencia con ocasión da tramitación, de ser procedente, da licenza de parcelación posterior ao presente estudo (ex. Art. 10.3 da ley hipotecaria)

Na área inclúense catro parcelas segundo o Plan parcial e conseguinte proxecto de reparcelación, que foron agrupadas constando actualmente como una única parcela rexistral e catastral. A superficie da que figura a promotora do plan como propietaria, á vista da información que obra en rexistro públicos (catastro e rexistro da propiedade), posúe lexitimación suficiente para promover o presente instrumento de planeamento (art. 66 b) LSG)

Así mesmo, cómpre ter como interesados no procedemento tamén aos titulares catastrais de parcelas exteriores e próximas ao ámbito do estudo relacionadas no informe emitido pola arquitecta municipal, ao atoparse afectadas por un camiño, incluído en parte no ámbito e provinte da recente concentración parcelaria da zona. Cara á tramitación do presente procedemento urbanístico, esa superficie quede libre de edificación, para non condicionar a eventual adopción de medidas na materia de patrimonio municipal/bens que, de ser o caso, correspondera adoptar.

- O contido documental axústase ao previsto no art. 193 RLSG e, respecto da cartografía, deberá achegarse do xeito regulado no art. 82 RLSG. O anterior enténdese sen prexuízo de

modificacións e ou cuestións a engadir e/ou corrixir como consecuencia do trámite de información pública e informes sectoriais, documentación que, de ser o caso, deberá achegarse antes da aprobación definitiva sempre que non supoñan modificacións substanciais.

▪ Tramitación, aprobación: aplicaráselle o disposto no art. 194.2 RLSG. Competencia da alcaldía art. 21.1 j) LBRL e Decreto 480/2016 de delegación do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

Os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo dun mes mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia, así coma no portal de transparencia do Concello. Na tramitación da información pública na medida do posible contemplaranse as regras xerais contidas o efecto no art. 207.2 RLSG.

Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados (entendendo por tales os incluídos no ámbito do estudo e mailos afectados pola parte do camiño de concentración antes referidos).

De ser o caso, solicitaranse os informes sectoriais preceptivos dos cales, os que correspondan á administración autonómica deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderanse evacuados con carácter favorable.

No intre de solicitar os informes sectoriais doutras administracións públicas cómpre ter en conta o anexo do RLSG no que relaciónanse as Administracións sectoriais que deben emitir informes sectoriais xunto coas afeccións sectoriais contidas no Plan Básico autonómico.

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes (artigo 80.2 da LSG).

Os prazos para a súa aprobación definitiva será de seis meses, contados desde a aprobación inicial. Transcorrido este prazo sen que se procedese á notificación da resolución, poderá entenderse aprobado definitivamente, sempre que se realizase o trámite de información pública e se obtivesen os informes preceptivos en sentido favorable, de conformidade coa lexislación aplicable, ou, se é o caso, fosen solicitados os informes e transcorresen os prazos para emitilos (artigo 187 do RLSG)

1. Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobado inicialmente o estudo de detalle das parcelas 14, 15, 16 e 17 do Plan Parcial do Polígono industrial do Milladoiro, promovido por Santiago Sur Galicia, S.L., como propietaria da parcela catastral e rexistral do ámbito, documento subscrito polos arquitectos Álvaro Fernández Carballada e Beatriz Aneiros Filgueira, datado en outubro do 2018

Segundo.- Someter o devandito documento a información pública polo prazo dun mes mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia, así coma no portal de transparencia do Concello. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados (os incluídos no ámbito do estudo e mailos exteriores ao ámbito afectados pola parte do camiño de concentración no ámbito).

Terceiro.- Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, o Concello solicitará os correspondentes informes sectoriais dos cales, os que corresponda emitir á administración autonómica, deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderanse evacuados con carácter favorable.

Asesoría xurídica de urbanismo

Susana Ares Gómez”

Á vista dos informes favorables, técnico e xurídico transcritos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobado inicialmente o Estudo de Detalle das parcelas 14, 15, 16 e 17 do Plan

Parcial do Polígono industrial do Milladoiro, promovido por Santiago Sur Galicia, S.L., como propietaria da parcela catastral e rexistral do ámbito, documento subscrito polos arquitectos Álvaro Fernández Carballada (colexiado COAG núm. 1047) e Beatriz Aneiros Filgueira (colexiada COAG núm. 2137), datado en outubro do 2018.

Segundo.- Someter o devandito documento a información pública polo prazo dun mes mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión na provincia, así coma no portal de transparencia do Concello. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados (os incluídos no ámbito do estudo e mailos exteriores ao ámbito afectados pola parte do camiño de concentración no ámbito).

Terceiro.- Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, o Concello solicitará os correspondentes informes sectoriais dos cales, os que corresponda emitir á administración autonómica, deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderanse evacuados con carácter favorable.

Cuarto.- Facultar ao alcalde para cantas actuacións de trámite sexan precisas en orde á mellor execución do acordado.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a 14 de febreiro de 2019, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe
O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria accidental